

Data de subida: 21/05/2020

Data de entrega: 1/06/2020

ENCRUCILLADO

A seguinte tarefa trata de elaborar un encrucillado.

Pasos a seguir:

1. Ler o Tema 10 do libro de texto: A ESPECIE E O MEDIO.
2. Coler unha folla cuadrículada, ou para os que queiran facelo en Word (existen tutoriais) elaborar unha cuadrícula partindo dunha táboa. Delimitar un rectángulo de 30 x 20 cadríños.



3. Na cuadrícula debes colocar as palabras que vos vou indicar a continuación. De que maneira? Pois facendo coincidir algunhas letras das palabras, deben aparecer letras en común, tódalas palabras teñen que cruzarse con polo menos unha. Tanto de maneira horizontal (lectura de esquerda a dereita) como vertical (lectura de arriba a abaixo). Consello: primeiro poñer as palabras que teñen máis letras, porque despois é máis difícil colocalas, e mellor se as centramos na cuadrícula.


Poñer en letras maiúsculas. Os recadros baleiros coloreádeos (negro por exemplo).

Numerar as palabras diferenciando entre verticais e horizontais (poñer o número en pequeno no primeiro cadríño de cada palabra). Se podedes que o reparto sexa: 15 horizontais e 15 verticais.

Palabras:

INTRAESPECÍFICAS	MIGRACIÓN	ECOSISTEMA	NICHO	BIÓTOPO	PRESA
SOCIAIS	CLIMA	SIMBIOSE	ECOLOXÍA	HÁBITAT	POBOACIÓN
BIOCENOSE	PREDADOR	ETOLÓXICAS	ABIÓTICO	ESPECIALISTA	UNIFORME
COMPETENCIA	BIÓTICO	TOLERANCIA	ADAPTACIÓN	OPORTUNISTA	AGREGADA
INTERACCIÓN	FAMILIARES	COLONIAIS	PIRÁMIDE (demográfica)	CORAIS	GREGARIAS

4. Agora, tedes que xerar pistas ou definicións (**relacionadas co tema**) que identifiquen ou se relacionen coas palabras horizontais e verticais, segundo o número que teñan.



Exemplo:

Horizontais:

1. Rastro deixado por un animal.
2.

Verticais:

1.

5. No documento que entreguedes ten que aparecer o encrucillado e as pistas-definicións.

Ánimo e a divertirse!!!!